

CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL “LETRAS GALEGAS 2025”

-Convocatoria Local-

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “EL VIEJO PANCHO” DE RIBADEO convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2025 (Fase local), de acordo coas seguintes BASES:

1ª) **Participantes:** pode participar calquera neno ou nena, rapaz ou rapaza ata os 16 anos.

2ª) **Establécense tres categorías :** A, ata 8 anos, B, de 9 a 11 anos, e C, de 12 a 16 anos.

3ª) **Establécense dúas modalidades:**

-A) **Narración:** en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara sobre o tema proposto a continuación. Poderán presentarse escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lápis.

-B) **Debuxo:** feitos sobre cartolina de tamaño aproximado de DIN A4 (folio), sobre o tema:

4ª) **Tema:** para as dúas modalidades.

“Ler con coñecemento”.

Hai novelas, hai cómics, hai mangas, hai libros de poesía, hai álbums ilustrados... e hai outros libros que nos informan sobre como voa un avión ou que acontece dentro dun volcán.

Ás veces os libros serven para mergullarnos nunha historia e outras para coñecer e aprender moitas cousas que non sabemos. De que tema che gustaría atopar libros? Que libros deste tipo coñeces ou chamaron a túa atención? Conta, conta.

5ª) **Identificación:** cada autora ou autor poderá presentar cantos traballos desexa con cadansúa folia de datos cumprimentada en letra maiúscula lexible.

Os datos identificativos irán nesta folia de datos, nunca no traballo presentado.

6ª) **Prazos:** O prazo de presentación rematará o **12 de maio do 2025**, debendo ser entregados na Biblioteca Municipal

7ª) **Xurado:** un xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará para cada categoría un máximo de tres traballos. As persoas premiadas recibirán un diploma acreditativo e un lote de libros.

8ª) **Fallo:** o fallo do xurado local farase público na semana do 19 ao 25 de maio.

9ª) **Fase provincial:** Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

10ª) **Propiedade dos traballos:** os traballos premiados serán propiedade da Biblioteca, que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

11ª) Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

12ª) A presentación das obras a este certame supoñen a aceptación das presentes bases.

FOLLA DE DATOS PERSONAIS

(PRE-ENCHER EN MAIÚSCULAS)

NOME.....

APELIDOS.....

IDADE.....

ENDEREZO COMPLETO.....

.....

TELÉFONO.....

CENTRO DE ENSINO.....

CURSO.....

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE RIBADEO